

Ola, que tal? Seguides ben por casa? Espero que si. Agora incluso podemos saír un pouco máis á rúa!!! Imos a máis!

Para o luns 18/05/2020 imos comezar unha nova serie de tarefas sobre o sistema inmunolóxico. Comezaremos por traballar sobre as bacterias.

Para o mércores 20/05/2020 seguiremos cos outros patóxeno máis importantes: os virus.

Veña, a poñerse as pilas e traballar un pouco, que pronto nos veremos e quero botarlle unha ollada ao que fixestes!

Por certo, ao final vos mando unhas instrucións por se acaso para entrar na páxina web do cole onde están estes traballos e como poñervos en contacto comigo se tedes algunha dúbida ou para enviarme os traballos que ides facendo.

Nome: _____

Traballo: “Sistema inmunolóxico (Patóxenos-Bacterias)”

Patóxenos (bacterias) - Patóxenos (virus) - Enfermidade - Defensas - Contaxio - Tratamento - Prevención - Epidemia

Imos comezar aquí unha nova serie de tarefas relacionadas co sistema inmunolóxico. Iremos traballando varios elementos para acabar tendo unha ampla visión global de como se defende o noso corpo ante as enfermidades infecciosas.

O primeiro é coñecer aos responsables das infeccións: os patóxenos. Comezaremos polas bacterias.

Antes de comezar:

- a) repasa o apartado 3 do tema 4 do libro dixital,
- b) mira este vídeo: <https://www.youtube.com/watch?v=bZ6sFXW5o0g>
- c) consulta esta web: <https://www.ecologiaverde.com/tipos-de-bacterias-2633.html>
- d) e esta outra: <https://medlineplus.gov/spanish/bacterialinfections.html>

Agora xa podes facer o seguinte:

1. Explica coas túas palabras que é unha bacteria e debuxa unha nomeando as súas partes principais (a)
2. Sabemos que non todas as bacterias son prexudiciais para nós: que porcentaxe delas non nos fan mal? Que cantidade de especies de bacterias significa esa porcentaxe? (b)
3. Explica que tipos de bacterias inocuas para a nosa saúde existen. (b)
4. Incluso hai bacterias que realizan funcións esenciais para a nosa vida. Podes dicir algún exemplo? (b)
5. Di o nome e fai un debuxo dos tres tipos de bacterias que existen pola súa forma. (c)
6. Cal é a razón de que algunhas bacterias que entran no noso corpo nos produzan enfermidades? (d)

Nome: _____

Traballo: “Sistema inmunolóxico (Patóxenos-Virus)”

Patóxenos (bacterias) - **Patóxenos (virus)** - Enfermidade - Defensas - Contaxio - Tratamento - Prevención - Epidemia

Imos comezar aquí unha nova serie de tarefas relacionadas co sistema inmunolóxico. Iremos traballando varios elementos para acabar tendo unha ampla visión global de como se defende o noso corpo ante as enfermidades infecciosas.

O primeiro é coñecer aos responsables das infeccións: os patóxenos. Comezaremos polas bacterias.

Antes de comezar:


- a) repasa o apartado 3 do tema 4 do libro dixital,
- b) mira este vídeo: <https://www.youtube.com/watch?v=6uJPeua7q2w>
- c) este vídeo: <https://www.youtube.com/watch?v=8HV5WpEKELA>
- d) este: <https://www.youtube.com/watch?v=E7GKEZYnxHk>
- e) este: <https://www.youtube.com/watch?v=QxQNIPwy-hQ> (0':50''-5':30'' / 6':13''-7':05'')
- f) e esta web: [https://www.news-medical.net/health/Human-Diseases-Caused-by-Viruses-\(Spanish\).aspx](https://www.news-medical.net/health/Human-Diseases-Caused-by-Viruses-(Spanish).aspx)

Agora xa podes facer o seguinte:

1. Explica coas túas palabras que é un virus e debuxa un exemplo nomeando as súas partes principais (a/b)
2. Como infecta un virus o noso corpo? (b)
3. Por que podemos dicir que un virus non é un ser vivo? Por que hai xente que si os define como seres vivos e tamén teñen a súa razón? (c)
4. Explica de xeito breve a diferenza máis importante entre un virus e unha bacteria. (d)
5. Como pode afectar o coronavirus que estamos sufrindo ao corpo humano? (e)
6. Cal é a razón de que os virus que entran no noso corpo nos produzan enfermidades? (f: soamente na introdución)

ACCESO ÁS TAREFAS NA WEB DO COLEXIO

1. Escribimos no buscador de Google: “ceip ribeira porriño”, e aparece o enlace co nome “CEIP Plurilingüe da Ribeira | Tif: 886110414” e pinchamos nel.




Tamén podemos escribir directamente na barra de direccións:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipribeiraporriño/>




2. Á dereita no apartado de “ACTIVIDADES” pinchamos no noso curso.

3. Se o facemos, por exemplo, en “6º Curso Primaria” atopamos dentro unha serie de enlaces cos nomes “Actividades 4ª entrega 6ºB EP”, “Actividades 4ª entrega 6ª EP”, “Actividades 3ª entrega 6ºB EP”, “Actividades 3ª entrega 6ª EP”...



4. Se pinchamos, por exemplo, en “Actividades 3ª entrega 6ª EP” atopamos unha lista de actividades, normalmente en formato pdf, que podemos ver ou descargar no noso ordenador pinchando no que nos interese.



5. E pinchamos, por exemplo, en “tarefas 6ep ccnn para 30 de marzo e 1 de abril” poderemos ver os exercicios de Ciencias Naturais (CCNN) preparados para esas datas.

O traballo consiste en ir facendo as actividades de cada unha das entregas. En Ciencias Naturais cada pdf con actividades ten unhas datas. É dicir, pensa que é coma se estivésemos no colexio. Pois cada semana teriamos 2 clases de CCNN, así que no pdf hai traballo para facer nesas dúas sesións. O traballo que aparece nos pdf debería de dar tempo a facelo en 1 hora, que sería o noso tempo de clase no cole.

Se hai unha semana na que inda non apareceu colgado o pdf ten paciencia por favor, seguro que se subirá o antes posible. E se inda non fixeches ningunha vai facendo dende a 1ª entrega cara a máis nova tranquilamente para tentar poñerte ao día.

Para calquera dúbida e mandarme o resultado das tarefas podes enviar un correo electrónico á dirección:

albertoperezameneiro@edu.xunta.es

Ánimo e moita forza. Unha aperta

Alberto Pérez Ameneiro